



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA VACANTE DE PEÓN/PEOA ORDINARIO, DURANTE UN PRAZO MÁXIMO DE CATRO MESES, PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS, A TRAVÉS DA LIÑA 1.1 PEL-CONCELLOS 2026

Mediante a Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña publicada no BOP nº 197 do 15 de outubro de 2025, aprobaronse as bases reguladoras do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS 2026).

O antedito programa elaborouse no marco do previsto no artigo 36.1.b) e d), en relación co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Está integrado no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, cuxo obxectivo principal é *“fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego”*.

Neste marco, e conforme se establece na base específica 2 *“O obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos”*.

O Concello de Oza-Cesuras solicitou subvención para contratar traballadores para desenvolver no municipio o proxecto “Servizo de limpeza viaria”, que ten por obxecto a prestación de servizos relacionados coa mellora da xestión de residuos e a limpeza en xeral.

A Deputación provincial da Coruña, mediante Resolución de Presidencia núm. 2026/7246 de data 23 de febreiro de 2026, acordou aprobar a concesión definitiva de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026.

Para pñer en marcha dita actuación resulta preciso cubrir as prazas previstas na memoria descritiva asinada o 30 de outubro de 2025 que serviu de base á solicitude da subvención nas que se prevía a contratación de 5 peóns/peoas ordinarios desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o





Concello de Oza-Cesuras

emprego, vinculados ao Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1 PEL-CONCELLOS 2026), por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto de contratación.

Resultando que o pasado 5 de maio efectuouse convocatoria público para levar a cabo a contratación de cinco 5 peóns/peoas ordinarios (persoal laboral temporal) a xornada completa, durante un máximo de catro meses para a prestación dos servizos básicos municipais financiada con cargo ao programa anteriormente indicado.

Tendo en conta que tan só se presentaron catro solicitudes de participación e resulta urgente levar a cabo a contratación do praza vacante de peón/peoa ordinario da que xa se efectuou convocatoria pública o pasado 5 de maio de 2026.

1.- Obxecto da convocatoria.

A contratación laboral temporal a xornada completa, mediante concurso e oposición se fose necesario, da praza vacante de peóns/peoas ordinarios a xornada completa, durante un máximo de catro meses que executará o **“SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA”**, incluído no **PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL CONCELLOS 2026), INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL** da Deputación Provincial da Coruña que a continuación se relacionan:

Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ao 100% da xornada (coeficiente 1.000), cunha xornada de 40 horas semanais e terán unha duración máxima de catro meses.

As contratacións laborais realizadas ao abeiro do programa PEL-CONCELLOS da Deputación Provincial da Coruña regúlanse polo Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, “Os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción





Concello de Oza-Cesuras

laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

Asimesmo, as devanditas contratacións realizaranse con base á subvención concedida pola Deputación da Coruña ao abeiro da Resolución de Presidencia núm. 2026/7246 de data 23 de febreiro de 2026 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes á convocatoria do **SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA PEL-CONCELLOS: PROGRAMA DE SUBVENCIONES Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026.**

2.-Condicións dos/as aspirantes.

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que se inicie o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con algunha discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir





Concello de Oza-Cesuras

informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Ser demandante de emprego, polo que será requisito imprescindible estar inscrito/a como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia, dacordo co previsto na base específica 3.2 da Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña publicada no BOP nº 197 do 15 de outubro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS 2026). Acreditarase mediante informe acreditativo, de que os solicitantes son demandantes de emprego, expedidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia debidamente actualizados.

f) Estar incluídos/as nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:





Concello de Oza-Cesuras

- o **Mulleres**, por ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. Acreditarase con copia auténtida do DNI.
- o **Maiores de 45 anos**. Acreditarase con copia auténtica do DNI.
- o **Menores de 30 anos**. Acreditarase con copia auténtica do DNI.
- o **Persoas desempregadas de longa duración**. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos. Acreditarase mediante copia auténtica da certificación expedida polo organismo competente de que o aspirante ao posto de traballo leva un mínimo dun ano como demandante de emprego xunto con informe de vida laboral actualizado.
- o **Persoas con discapacidade**: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Acreditarase a discapacidade con copia auténtica da certificación expedida pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- o **Persoas en situación de drogodependencia**, acreditarase con copia auténtica da certificación do Centro de Deshabitación de Drogodependencia xunto con informe dos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual.
- o **Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego**, acreditarase con copia auténtica do certificado de empadramento colectivo xunto coa documentación acreditativa da situación de desemprego dos membros da unidade familiar maiores idade expedida polo Servizo Público de Emprego de Galicia e co informe dos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual.
- o **Persoas con fogar monoparental/monomarental**. Acreditarase mediante copia auténtica do libro de familia actualizado do candidato ao posto de trabalo xunto con informe





Concello de Oza-Cesuras

expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual.

- o **Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.** Acreditarase mediante copia auténtica do pasaporte do candidato ou candidata ao posto de traballo xunto con informe expedido polos servizos municipais do seu concello de residencia.
- o **Persoas vítimas de violencia de xénero.** Acreditarase mediante copia auténtica da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial xunto con informe dos servizos sociais municipais.
- o **Persoas sen fogar.** Acreditarase mediante informe expedido pola policía local ou polos servizos sociais municipais do correspondente concello de residencia.

2. Os anteriores requisitos haberán de reunirse na data en que se inicie o proceso selectivo.

3. O período da contratación en ningún caso poderá superar o 31 de decembro de 2026.

3.- Requisitos para a selección.

De conformidade co establecido nas bases do “Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026, PEL-CONCELLOS 2026” aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral indicadas na base 2.1.f) anterior.

4.- Solicitude dos aspirantes.

1. O día **14 de maio de 2026** ábrese o prazo para que os candidatos interesados presenten a correspondente instancia conforme ao modelo oficial que poderán obter nas oficinas municipais ou mediante descarga na propia páxina web do concello (www.concellodeozacesuras.es), este prazo será **de cinco días hábiles**.





Concello de Oza-Cesuras

2. A solicitude de participación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma e achegando coa mesma o documento electrónico correspondente ao modelo de solicitude de participación e declaracións responsables (segundo o modelo do anexo I das presente bases) con súa correspondente sinatura electrónica.

No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

3. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

4. A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

5. A solicitude (modelo anexo I) deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

- a) Orixinal ou copia do DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes á praza acreditarase por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- d) Informe expedido polo Servizo Público de Emprego de Galicia acreditativo de ser demandante de emprego, debidamente actualizados.
- e) Documentación acreditativa de reunir algún dos requisitos esixidos na base 2.1. f) das





Concello de Oza-Cesuras

presentes.

- f) No seu caso, acreditación dos méritos indicados na base 7ª das presente ao obxecto da súa valoración: orixinais ou copias dos xustificante da experiencia laboral (contratos de traballo, de constar neles a dita experiencia ou certificado expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto con informe de vida laboral), xa que non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles servizos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Así mesmo, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aquel outros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en que momento foron presentados.

5.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador (Comisión Seleccionadora), integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

6.- Comisión seleccionadora.

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do Concello de Oza-Cesuras ou persoal funcionario en quen delegue.





Concello de Oza-Cesuras

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

7.- Proceso de selección.

O proceso de selección contará de dúas fases:

1ª.- Fase de concurso. Puntuación máxima: 4 puntos. Nela valorarase:

- Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social de conformidade co establecido no punto 3.3 das reguladoras do Programa PEL-Concellos 2026 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego Local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 200 do 16 de outubro de 2024): **ata un máximo de 1 punto.**
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 200 horas e inferior a 300 horas (0,50 puntos).
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 300 horas (1,00 punto).

Para valorar este programa terase en conta que estean dirixidos a persoal en risco de exclusión social; contido e número de horas.

- Experiencia profesional en postos similares: **0,15 puntos por mes completo traballado ata un máximo de 2 puntos**
Computarase 0,15 puntos por mes completo, realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e acreditados no informe de vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes
- Posuír carné de conducir tipo B: **1,00 punto.**

Acreditación de méritos:





Concello de Oza-Cesuras

- A realización dos programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas acreditarase mediante documento expedido pola autoridade correspondente onde conste o seu título, o nome, apelidos e DNI do participante e o número de horas.
- A experiencia profesional deberá ser acreditada con orixinais ou copias dos correspondentes contratos laborais e informe de vida laboral actualizado expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación no caso das Administracións Públicas.
- A posesión do carné de conducir tipo B acreditarase mediante orixinal ou copia do permiso de condución.

Non serán valorados os méritos das persoas que non se acrediten do xeito indicado.

2ª.- Fase de oposición. Puntuación máxima 6 puntos. Consistirá en:

A Comisión Seleccionadora poderá realizar aos/ás candidatos/as unha proba oral e/ou práctica para a que se disporá dun prazo máximo de 20 minutos, segundo o número de candidatos/as, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ó nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira e será cualificada cun **máximo de 6 puntos**.

No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

8.- Selección.

Seleccionarase ás persoas que obteñan maior puntuación. Para estes efectos, unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará na páxina web, e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numericamente, a relación ou listaxe de candidatos e elevará a dita relación, xunto coa proposta de contratación á Alcaldía para os efectos de formalizar os correspondentes contratos laborais. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou procesos de incapacidade temporal.





Concello de Oza-Cesuras

9.- Documentación.

Ditos/as aspirantes propostos/as presentarán dentro do prazo que se sinale dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia de tarxeta sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10.- Contratación.

Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá mediante o correspondente decreto acordar a contratación do persoal laboral temporal.

11.- Resolución de incidencias.

O Tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO I

D./ D^a/ _____
con DNI _____ e enderezo en _____
_____, teléfono _____ e-mail _____

EXPÓN:

Informado sobre o Programa PEL-Concellos 2026 de axudas á contratación da praza vacante para o posto de peón/peoa ordinario para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego Local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña, desexa participar no citado proceso selectivo para a contratación laboral durante un máximo de catro meses dentro do cadro de persoal que executarán o “SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA” ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña e DECLARA:

Que reúne os requisitos esixidos na base 2^a a), b), c), d) e e) das que rexen o proceso selectivo.

Que está incluído nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral (1):

Muller, por ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes **(Acreditarase con copia auténtica do DNI)**

Maior de 45 anos **(Acreditarase con copia auténtica do DNI)**

Menor de 30 anos **(Acreditarase con copia auténtica do DNI)**

Parado/a de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. **(Acreditarase mediante copia auténtica da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva un mínimo de dous anos como demandante de emprego xunto con informe de vida laboral actualizado)**

Discapacitado: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha





Concello de Oza-Cesuras

discapacidade igual ou superior ao 33%. (Acreditarase a **discapacidade con copia auténtica da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.**)

Drogodependente (Acreditarase con copia auténtica da **certificación do Centro de Deshabitación de Drogodependencia xunto con informe dos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual.**)

Vive nun fogar onde ninguén teña emprego (Acreditarase con copia auténtica do **certificado de empadramento colectivo xunto coa documentación acreditativa da situación de desemprego dos membros da unidade familiar maiores idade expedida polo Servizo Público de Emprego de Galicia _____**)

Fogar monoparental/monomarental (Acreditarase mediante copia auténtica do **libro de familia actualizado do candidato ao posto de trabalo ou, no seu caso, informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual _____**)

Problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais (A **acreditación dos problemas para atopar emprego polo idioma acreditarase mediante copia auténtica do pasaporte do candidato ou candidata ao posto de traballo e por cuestións socioculturais acreditarase mediante informe expedido polos servizos municipais do seu concello de residencia**)

Vítimas de violencia de xénero (Acreditarase mediante copia auténtica da **orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial _____**)

Sen fogar (Acreditarase mediante informe expedido pola **policía local ou polos servizos municipais do correspondente concello de residencia _____**)

Que acepta expresamente o contido das bases para a contratación das persoas que cubrirán o cadro de persoal para o “Programa PEL-Concellos 2026 de axudas á contratación de persoal





Concello de Oza-Cesuras

para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS 2026” e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesma.

E, **SOLICITA:**

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral para o que en cumprimento do establecido nas bases 4ª b) e c) das bases reguladoras da contratación,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que reúne os requisitos esixidos para poder optar á/s praza/s anteriormente sinalada/s. En concreto:

- ✓ Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- ✓ Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

- Orixinal ou copia do DNI ou documento equivalente ao país da UE.
- Orixinal ou copia do informe expedido polo Servizo Público de Emprego de Galicia acreditativo de ser demandante de emprego,debidamente actualizados.
- Documentación acreditativa de estar incluído/a nalgunha das situacións de exclusión social esixidas na base 2ª.1 f) das que rexen o proceso e que se deben indicar no parágrafo segundo do expositivo da presente solicitude ⁽¹⁾ _____
- ANEXO II: No seu caso, autorización ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas datas que se sinalan.





Concello de Oza-Cesuras

⁽¹⁾ Acreditación dos méritos indicados na base 7ª ao obxecto da súa valoración na fase de concurso:

- o Documento/s acreditativo/s da realización de programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.
- o Orixinais ou copias dos correspondentes contratos laborais ou da certificación, no caso das Administracións Públicas.
- o Informe de vida laboral actualizado expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial.
- o Orixinal ou copia do permiso de circulación.

Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Oza-Cesuras
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://ozacesuras.sedelectronica.es/privacy>

O/A ABAIXO ASINANTE PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

En _____ a _____ de _____ de 2026

Asinado:





Concello de Oza-Cesuras





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO II

No tocante á documentación que se achega, o abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) **DECLARO** que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas seguintes datas:

_____.

NON AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras nin aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello.

En Oza- Cesuras, a ____ de _____ de 2026

Asdo:





Concello de Oza-Cesuras

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Ado: José Pablo González Cacheiro

